



## **INSTRUCCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN E COLOCACIÓN EN RELACIÓN COS CRITERIOS A APLICAR PARA DETERMINAR O CARÁCTER XUSTIFICADO OU NON DAS FALTAS DE ASISTENCIA DO ALUMNADO EN ACCIÓNS FORMATIVAS DE FORMACIÓN PARA O EMPREGO.**

A Consellería de Emprego e Igualdade está a publicar periodicamente diferentes ordes polas que se establecen os criterios a seguir na concesión de axudas públicas para a realización de cursos de formación profesional para o emprego dirixidos á cualificación e mellora profesional das persoas traballadoras desempregadas e ocupadas.

Estas ordes teñen entre os seus obxectivos o de establecer un marco normativo que consolide no sistema produtivo unha cultura de formación profesional que potencie a creación e consolidación do emprego e a capacitación das persoas traballadoras.

A participación nas actividades formativas implica, para as persoas que interveñen nelas, o cumprimento dunha serie de obrigas entre as que se atopan as de asistencia e a de seguir con aproveitamento o desenvolvemento dos cursos.

Para estes efectos, o rexistro da asistencia e seguimento da acción formativa efectúase mediante o uso daqueles sistemas de control autorizados para as distintas modalidades de impartición.

Na modalidade presencial e na parte presencial da modalidade de teleformación, o incumprimento da obriga de asistencia pode, entre outros aspectos, chegar a ser causa de exclusión da persoa alumna que incumpre, impactando así mesmo sobre o proceso de liquidación da subvención concedida para impartir a acción formativa.

Nas últimas ordes de bases reguladoras publicadas, concretamente as referidas aos procedementos TR303B e TR301K, e para os efectos de ofrecer unha maior seguridade xurídica a todas as partes implicadas no desenvolvemento e execución das accións formativas, procedeuse a relacionar de xeito pormenorizado aquelas causas de ausencia das persoas participantes que se consideran xustificadas.

Esta enumeración de causas pretende así mesmo normalizar a aplicación dun criterio único para a consideración dun falta de asistencia como xustificada ou non, superando a falta de concreción de ordes anteriores aínda vixentes.

En consecuencia, co fin de aclarar e difundir os criterios a aplicar para a determinación se unha falta de asistencia é xustificada ou non, dítase a seguinte

### **INSTRUCCIÓN**

No marco competencial da formación para o emprego, terán a consideración de faltas de asistencia xustificadas, independentemente do procedemento e do instrumento xurídico que regulen unha acción formativa concreta, as seguintes:





- Enfermidade ou accidente acreditados.
- Consulta médica propia ou de familiares ata o primeiro grao ou persoas ao seu cargo.
- Nacemento de fillo ou filla.
- Falecemento, accidente ou enfermidade grave dun familiar ata o segundo grao. Ata 2 días hábiles na mesma localidade e 3 días hábiles en distinta localidade.
- Contratación laboral que permita compatibilizar a asistencia ao curso ata completar o 75 % de horas lectivas da acción formativa.
- Asistencia a exames finais e outras probas de aptitude, de carácter oficial.
- Citación administrativa ou xudicial.
- Permiso por violencia de xénero.
- As actividades vinculadas coa conciliación familiar por coidado de fillos/as e/ou persoas acollidas menores de 12 anos ou de familiares dependentes ata o segundo grao ao cargo da persoa alumna, sempre que resulte acreditada debidamente tanto a causa como o vínculo familiar nos termos da normativa aplicable.
- Entrevista de traballo, polo tempo indispensable para a súa realización.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital  
A Directora Xeral de Formación e Colocación  
Zeltia Lado Lago

